

1- Escribe a resposta correcta:

Cales son as provincias que forman a comunidade autónoma de Galicia?

2- Fai click na opción correcta

Cantas comunidades autónomas hai en España?

14

13

21

17

3- Completa o texto escollendo a opción correcta.

A división do territorio español de menor tamaño chámase _____. Nel, o _____ é a persoa que se encarga de gobernar e organizar todos os asuntos e servizos.

Varios _____ forman una _____, como A coruña, por exemplo. E varias _____ forman una comunidade autónoma, como _____.

4- Responde as seguintes preguntas:

Cantas son as linguas que se falan en España?



Que nome reciben as linguas faladas en España que non son o castelán?



Que é o Estatuto de autonomía?



5- Vouvos dar a definición e tedes que adivinar o que é.

- Desprazamentos da poboación dun territorio :

- Diferenza entre as persoas que chegan a un determinado lugar e as persoas que o abandonan:

- Son os órganos que exercen o poder lexislativo:

- Celébranse cada catro anos para eleixir ás persoas que gobernarán e so poden participar os maiores de 18 anos

- Son tres tipos de poderes que se encargan de elaborar, aprobar, executar e facer cumprir as leis:

6- Agora escolle as definicións correctas das seguintes palabras:

demografía

- Ciencia que estuda a poboación
- Ciencia que estuda as estrelas
- Ciencia que estuda o territorio

crecemento
natural

- O crecemento das persoas, de nenos a vellos.
- O nacemento de novas persoas nun territorio.
- A diferenza entre os nacementos e as mortes nun periodo determinado.

natalidade

- Os bebés que nacen.
- O número de nacementos en relación á poboación dun territorio.
- O número de mortes.

mortalidade

- O número de mortes en relación coa poboación.
- O número de nacementos.
- O número de anciáns enfermos.

The background is a solid dark blue. It is decorated with several yellow smiley faces and starbursts. The smiley faces are stylized, with some having two dots for eyes and others having a single dot or a different expression. The starbursts are simple, multi-pointed star shapes. These elements are scattered across the page, with some partially cut off by the edges.

BUEN TRABAJO